

Comentarios recollidos no [Blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-08

1. Rosalía de Castro reúne, neste libro, trinta e un poemas escritos por ela, mais "La gaita gallega", por don Ventura Ruíz Aguilera, ao cal lle responde con "A gaita gallega". O argumento dos poemas vai dende os costumes galegos e as vivencias de rapazas namoradas, ata poemas de reproche aos casteláns por trataren mal aos galegos que van traballar alí, ou a morriña de galegos que están fora da súa terra. Ao ler este libro decateime da importancia que ten ser galeg@, de sentir a nosa terra, de sentir e ser coñecedor@ das nosas raíces. Algúns poemas xa os coñecía como: "Has de cantar", "Adiós ríos, adiós fontes", "Airiños, airiños aires", "Castellanos de Castilla" e "Eu cantar, cantar, cantei"; outros tamén me soaban, pero tamén hai moitos que nunca os escoitara. Os máis dos poemas que coñezo, coñecinos grazas á miña profesora de Lingua Galega nas Doroteas, Catuxa, que me deu clase en quinto de primaria, primeiro de E. S. O. e, que no tempo que me deu clase en segundo da E. S. O., ensinounos moito da vida desta magnífica escritora e do significado dos seus poemas. Por iso, botei en falta o poema: "Miña santiña, miña santasa", non sei en que libro de Rosalía estará, pero é un poema que me gusta moito e que aprendín, xunto a unha compañeira, para recitalo na clase. Sería difícil dicir cal foi o problema que máis me gustou, a verdade é que "Adiós ríos, adiós fontes", máis aló da súa fama, é un poema precioso no que se aprecia á perfección a tristura de estar lonxe da casa e, no que Rosalía, coa súa maneira incomparable de escribir e só como ela sabe, expresou a morriña dos galegos e todo o que se bota de menos ao estar lonxe do fogar. Considero que este poema debería ser a identidade de todos os galegos e todos o deberíamos sentir coma noso. **(Anónimo)**

2. O libro *Cantares Galegos* é un conxunto de poemas nos que se ve á Rosalía máis achegada a Galicia. Nel hai poemas nos que se reflicte dende a situación dos galegos nesa época, como en *Castellanos de Castilla*, no que Rosalía denuncia dende un punto de vista positivo as barbaridades que se lles fixeron ás persoas galegas que ían traballar fóra ou outro que é dun mozo ao que lle gusta unha moza de Castela pero dille que non se pode namorar dela polo que lle fan eles aos seus irmáns, os galegos. Tamén fala dun tema tan importante naquela época, sobre todo en Galicia, como é a emigración; dende eses lugares nos que se atopa o emigrante, Rosalía metida na súa pel recorda a Galicia, en poemas como *Airiños, airiños, aires* ou o tan coñecido *Adeus ríos, adeus fontes*, no que describe a Galicia dende a súa maior fermosura e dende o seu máximo esplendor. Outros temas como a traizón, *Quixente tanto meniña*, loas aos santos tan importantes antigamente aos que se lles rezaba ou se lles pedían cousas, Santa Margarida San Antonio Bendito; de paixón prohibida como as persoas que non estaban casadas, *Díxome nantronte o cura que era pecado...*, de amor, *Que ten o mozo?*, ou *Meniña ti a máis hermosa*, é de máis temas, como superstitión, *O moucho*, dedicacións a outras persoas e máis cousas. No libro vese á Rosalía máis optimista, con ganas de loitar por Galicia e por conseguir levala adiante. O vocabulario é antigo, e hai moitos castelanismos, pero a diferenza de Castela, de Otero Pedraio e de outros, a súa gramática é moito máis correcta e a penas comente erros. É increíble que naqueles tempos sen regras sobre unha lingua se puidese ter unha case perfección sobre esta. O libro está moi ben para coñecer o que noutros momentos pensaban persoas como Rosalía que viviron naquela época e para introducirse na súa realidade. **(Margarita)**

3. Este libro de poesía de Rosalía de Castro non me gustou moito, non porque non me parezan bos os poemas, nin moito menos, porque hai algúns que me gustaron moito, pero non me gustou porque ler poesía non é algo que me entusiasme moito. Este é o primeiro libro de poesía que lín e pareceume algo rolo estar todo o rato lendo poemas, xa que é algo moi diferente a ler un libro que ten un argumento e que esperas que o libro remate para saber que pasa finalmente na historia, neste caso ao ser un libro só de poemas non tiveron ningunha ilusión porque chegase o final xa que aquí non hai argumento conxunto, só o dos poemas individualmente. Penso que Rosalía nestas poesías fala de temas variados, entre eles a emigración, a morriña da terra galega como algo moi triste, o amor, a descrición de paisaxes galegas... Os poemas que máis me gustaron foron: *Un repoludo gaitero*, porque me fixo graza, *Airiños airiños aires* que me pareceu supertriste, *Meniña, ti a máis fermosa*, *Castellanos de castilla*, *A gaita galega*, pero o que me pareceu máis bonito, o que expresa mellor ese sentimento galego e esa pena de ter que marchar de Galicia é *Adiós, ríos adiós fontes*. Houbo poemas que eran bastante logos e custoume rematar de lellos porque ademais ao mellor non entendía moi ben o tema e iso foi o que se me fixo máis pesado do libro, pero pareceume algo divertido ler poesía que sobre todo estas que me fixeron pensar moito e penso que en parte aumentaron o meu cariño cara a Galicia. **(Andrea)**